

A CIG-ENSINO PRESENTA 23 EMENDAS AOS ARTIGOS, CONSTATANDO O SEU REXEITAMENTO A ESTE ANTEPROXECTO

O anteproxecto de Lei de Economía Sostíbel pretende privatizar aínda máis a Formación Profesional

A CIG-Ensino, no pleno do Consello Escolar do Estado, do día 28 de xaneiro, convocado para ditaminar aqueles artigos (do 80 ao 93 e a disposición final vixésimo sétima) do anteproxecto da Lei de Economía Sostíbel que fan referencia ao ensino, presenta 23 emendas a estes artigos, constatando o seu rexeitamento a este anteproxecto.

Para a CIG é inadmisíbel que se someta a ditame un proxecto de lei sen que previamente se abra un amplo debate social e político, así como en sen participación das diferentes administracións públicas.

Desde a Confederación Intersindical Galega (CIG) non nos parece o procedemento adecuado aproveitar a Lei de Economía Sostíbel para introducir unha serie de modificacións do actual marco legislativo da formación profesional, así como medidas e



propostas dun profundo calado privatizador.

Resulta preocupante como, neste anteproxecto, se reforza e amplía a formación profesional concertada, considerando unha obrigaón das administracións públicas promover a consolidación dunha rede estábel de centros de formación profesional entre as que inclúen os centros concertados (artigo 83). Non

hai xustificación posíbel para desviar diñeiro público para privatizar, a base de concertos educativos, a formación profesional e considerala rede pública.

Destaca tamén por centralista, xa que retrae competencias que lle corresponden ás diferentes administracións autonómicas como poden ser a xestión da formación profesional a distancia e a regula-

ción dos servizos de información e orientación profesional (artigo 85 e 91).

É necesario e urxente buscar medidas para facilitar a maior formación do alumnado no sistema educativo e reducir así a alta porcentaxe de abandono temperán do sistema educativo e de fracaso escolar, pero débese evitar consagrar vías diferentes para acceder ás titulacións académicas que supoñan despresixiar a formación profesional e reducir a capacitación e formación do alumnado.

Non se aproveita, con todo, este anteproxecto para introducir a xestión democrática dos centros integrados e a elección democrática dos seus cargos directivos.

Resulta inaceptábel e incomprendible que se estableza a posibilidade de ampliar a xornada e o horario do profesorado de FP (horas extra) e que non estea suxeito á autorización de compatibilidade. Mentres algúns profesores poderán sacar un sobresoldo coas horas extra, outros, os interinos e interinas, poden ir á rúa, e a creación de emprego será aínda menor (artigo 83.6).

En conclusión, para a CIG-Ensino, o lóxico e normal se-

ría modificar a actual Lei de Formación Profesional -compromiso contraído no seu día polo actual partido que suscita hoxe o goberno- en todos aqueles aspectos que hoxe están postos en cuestión como son a súa privatización, o seu centralismo e a falta de xestión democrática dos centros integrados e non valerse desta lei par reforzar a privatización da FP, reducir o marco competencial das CCAA e fixar medidas regresivas.

Noutra orde de cousas, estamos ante un anteproxecto de lei que deixa de abordar moitos aspectos fundamentais para unha economía sostíbel, tal como sería un sistema fiscal progresivo como ferramenta da distribución da riqueza, non regula nada sobre a concentración financeira, limitación do fluxo financeiros, paraísos financeiros, evasión de capitais, enxeñeiros financeiros, mercados interbancarios, política crediticia, etc. Entre outras deficiencias, carece dunha concepción global sobre a aplicación de políticas de protección e mellora dos ecosistemas naturais. Estas foron algunhas das razóns polas que a CIG presentou

unha emenda á totalidade e a proposta do ditame sobre o anteproxecto de Lei de Economía Sostíbel que elabora o Consello Económico Social (CES).



Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com